



---

**DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A  
AUTORIZACIÓN DOS CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL NA  
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia na súa sesión do día 5 de xullo de 2006, emite o seguinte ditame provisorio en relación co proxecto de decreto polo que se regula a autorización dos centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

**1.-** O Consello Escolar de Galicia bota en falta a explicitación, avance ou xustificación das razóns por que estes centros foron escollidos para a súa transformación en centros integrados.

**2.-** No punto 1 do artigo 1º, propónse que se engada a continuación de: "... Consello Galego de Formación Profesional", o seguinte texto: "... que terá que ter en conta os criterios establecidos polas consellerías competentes en materia de educación e traballo".

**3.-** O Consello Escolar de Galicia recomenda á Administración educativa que, unha vez definida a rede de centros, aborde o desenvolvemento do real decreto de requisitos mínimos, en cuestións tales como planificación xeral da rede de centros, a existencia de centros concertados desta natureza, a determinación dos órganos de goberno e a elaboración dun regulamento orgánico destes centros.

O Secretario,

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

Vº e Pr.,  
A Vicepresidenta,

Asdo.: Milagros Blanco Pardo